

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA O APOIO Á REALIZACIÓN DE EXPOFERR 2023, FEIRA DE SUBMINISTRACIÓNS E FERRETERÍA INDUSTRIAL, PROTECCIÓN LABORAL E MAQUINARIA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e realización da feira profesional EXPOFERR 2023, Feira de Subministracións e Ferraxería Industrial, Protección Laboral e Maquinaria, que tivo lugar entre o 9 e o 11 de febreiro do 2023, no recinto da Feira Internacional de Galicia Abanca en Silleda.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora,



información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Fundación Semana Verde de Galicia é unha fundación do sector público de Galicia, nos termos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público e autonómico de Galicia, constituída no ano 1991, quedando baixo Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Fundación ten entre os seus obxectivos a dinamización de sectores estratéxicos da economía galega no recinto Feira Internacional de Galicia, para o que dispón da probada solvencia técnica e profesional e económico-financeira así como das infraestruturas e instalacións precisas, con capacidade para a promoción nacional e internacional das actividades que no devandito recinto se desenvolvan.

En consonancia con estes obxectivos institucionais, a dita Fundación é impulsora da organización e realización da feira profesional EXPOFERR, relativa ao fomento dun dos sectores que abastecen ós principais sectores industriais do tecido empresarial de Galicia. Esta feira, que nace no 2016, é a única feira profesional de subministracións e ferraxería industrial, protección laboral e maquinaria que se realiza no noroeste peninsular, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial. Nace como resposta a unha necesidade da canle de distribución industrial de ter un espazo no que mostrar as súas posibilidades. A EXPOFERR acoden fabricantes nacionais e internacionais con prestixio, traxectoria e profesionalidade no sector. A previsión de execución inicialmente era de carácter bianual.



Terceiro.- A III Feira Profesional de Subministración e Ferraxería Industrial, Protección Laboral e Maquinaria, EXPOFERR 2023, tivo lugar no recinto da Feira Internacional de Galicia Abanca en Silleda, os días 9, 10 e 11 de febreiro de 2023.

Tralos éxitos acadados na segunda edición, conseguiuase un incremento moi considerable nesta terceira edición en canto a profesionais, expositores, marcas representadas e actividades relacionadas. Contouse coa participación de máis de 100 expositores que representaron a máis de 320 marcas procedentes de 11 países, nun espazo que ocupou 6.000 m² expositivos. A asistencia situouse por riba dos 3.250 profesionais, pertencentes ós principais sectores industriais e de servizos do tecido empresarial galego. Unha vez máis EXPOFERR 2023 foi punto de encontro para un maior coñecemento do produto a través de demostracións e xornadas técnicas programadas ó longo dos tres días da feira.

Esta edición coincidiu ademais coa asemblea anual de ASIDE (Agrupación de Subministracións Industriais de España, S.L), principal grupo de compras do sector a nivel nacional, que aglutina a 36 asociados de distintas zonas de España e cun volume de compra conxunto de máis de 200 millóns de euros, e que asistirán como invitados de honra a EXPOFERR 2023, dando á feira unha transcendencia de carácter nacional.

O aloxamento de expositores e socios de ASIDE estivo reservado en coñecidos hotéis de Santiago de Compostela polo que, tras cada xornada, tiveron a oportunidade de coñecer a capital de Galicia. Ademais, o 9 de febreiro organizouse unha cea con tódolos expositores e socios de ASIDE que serviu para dar a coñecer o mellor da nosa gastronomía.

Que a través deste convenio, outórgase á Fundación Semana Verde de Galicia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa



convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

